PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 16 de maio de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 16 de maio de 2024, ás 16:00 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Iria Carreira Pazos
(en substitución de Paulo Ríos Santomé)
(Secretaria en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
María Dolores Hermelo Piñeiro
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Presidente de Portos de Galicia
Directora xeral de Patrimonio Natural
Director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)
Directora xeral de Mobilidade

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle á Sra. Secretaria en funcións – Iria Carreira Pazos- que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Punto único. Preguntas

Logo da constatación deste, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do documento número 3744, polo que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento da pregunta número 649 (1.1), por imposibilidade de asistencia da persoa encargada de darlle resposta. Aprazamento que se acepta por asentimento.

1.1 **649 (12/POC-000048)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre as inundacións que sofren na súa propiedade dúas persoas de Arbo derivadas das obras dunha estrada que cofinancian o Concello e a Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

Aprazada por petición da Xunta de Galicia (doc. núm. 3744, que se xunta á acta como anexo).

De seguido, a señora presidenta informa da acumulación a efectos de debate das preguntas 1092 (1.2) e 1143 (1.3), de conformidade co establecido no artigo 159.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, procédese ao debate conxunto das preguntas:

1.2 **1092 (12/POC-000163)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da actualización e execución do proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra, a emisión dun informe coas conclusións referidas ao punto de vertedura das lamas e o tempo transcorrido desde o inicio da tramitación do proxecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

1.3 **1143 (12/POC-000170)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo parlamentario acadado en xuño de 2019 verbo da dragaxe do río Lérez en Pontevedra, así como sobre a solución ao tratamento dos

PARLAMENTO DE GALICIA

residuos e o establecemento dunha dotación orzamentaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

Deseguido concédelle a palabra en primeiro lugar á **señora Castro Rey (S),** quen procede á defensa e formulación da súa iniciativa ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

A continuación, o **señor Bará Torres (BNG)** explica as motivacións que o levaron á presentación da pregunta, empresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor presidente de Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.**

En rolda de réplica, tanto a **señora Castro Rey (S),** como o **señor Bará Torres (BNG),** comentan a resposta recibida e inciden en varios aspectos das mesmas.

Péchase o debate destas iniciativa cunha nova intervención do **presidente de Portos de Galicia,** rebatendo moitas das afirmacións realizadas por ambos preguntantes e contestando a algunhas das consideracións que se lle expuxeron e coas que non concorda.

A Presidencia agradécelle ao señor Álvarez Vidal a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión, e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.4 1189 (12/POC-000177)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ao fomento da adopción de animais domésticos de compañía abandonados e que están nos centros de recollida autorizados en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

A esta iniciativa o G.P. Popular de Galicia presentou un escrito (doc. núm. 3941, que se xunta á acta como anexo), polo que autoriza ao deputado Gonzalo Trenor López para defensa desta pregunta de conformidade co artigo 75.4 do RPG.

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Trenor López (P),** quen pasa a expoñer os motivos nos que basean as preguntas concretas que se formulan na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado

A señora presidenta, logo de darlle a benvida á Comisión, concédelle a palabra á **directora xeral de Patrimonio Natural, María Sol Díaz Mouteira**. Esta agradece as

verbas da Presidencia e procede a dar resposta ás inquedanzas formuladas.

En rolda de réplica, o **señor Trenor López (P),** agradece a información recibida sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate da iniciativa a **señora directora xeral de Patrimonio Natural,** completando a información facilitada na súa anterior intervención.

A señora presidenta agradece a colaboración da señora directora xeral cos traballos da Comisión e autorízaa a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.5 1603 (12/POC-000257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre os avances e as tramitacións que se están a realizar para activar os treitos pendentes da autovía do baixo Miño Tui-A Guarda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Deza Martínez (P)**, que expón os motivos nos que se basea a formulación desta pregunta, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **señor director da Axencia Galega de Infraestruturas - AXI (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Francisco Menéndez Iglesias.**

En rolda de réplica, a **señora Deza Martínez (P),** agradece a información recibida, que valora moi positivamente e sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director da Axencia Galega de Infraestruturas**, que confirma e amplía a información facilitada na súa intervención anterior.

A señora presidenta agradece ao señor Menéndez Iglesias a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión, da que se ausenta, ao non ter mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.6 2141 (12/POC-000355)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma
Sobre os resultados ofrecidos polo Plan de trasporte público de Galicia e os axustes que prevé aplicar nel a Xunta de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

Intervén o **señor López Font (S),** para expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **señora directora xeral de Mobilidade (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes) Judit Fontela Baró.**

Na rolda de réplica o **señor López Font (S)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada pola señora director xeral e solicita unha maior concreción nalgunhas das cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **señora directora xeral de Mobilidade,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a presenza da directora xeral e a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:20 horas.

Carmen María Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen María Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen María Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.23 13:25:12 +02'00'

V.º e pr.
Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.05.23 10:26:55 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión